

Review

PENA PRESAS, Montse

Santiago de Compostela:
Laivento. 2018. 172 pp.
ISBN 978-84-8487-404-1

Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia

Iria Sobrino-Freire
Universidade da Coruña

Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia é a primeira monografía sobre feminismos no campo dos estudos sobre a literatura infantil galega. Montse Pena Presas, investigadora e crítica cunha ampla traxectoria no ámbito da LIX galega, achéganos un estudo rigoroso e ben documentado, derivado da súa tese de doutoramento, mais escrito nun estilo ensaístico que facilita a lectura e multiplica o seu potencial número de receptoras/es. A obra divídese en dúas partes: unha primeira en que se indaga nas relacións entre o feminismo, o movemento coeducativo e a crítica de LIX en Galiza, e unha segunda en que se rastrea a pegada dos feminismos sobre a produción literaria galega para o público infantil e xuvenil. O enfoque adoptado é, nos dous casos, histórico. De feito, non sería disparatado afirmar que estamos ante unha historia feminista da literatura infantil galega e da súa recepción.

Para quen se achegar a este traballo sen estar familiarizada/o coas particularidades do campo literario infantoxuvenil galego talvez resulte sorprendente atopar capítulos específicos (31-48) sobre a evolución das prácticas e os discursos arredor da coeducación, aspecto que non adoita estar presente en estudos destas características sobre literaturas *consolidadas* (pénsese, por exemplo, no recente *Twenty-First-Century Feminisms in Children's and Adolescent Literature*, de Roberta Seelinger Trites). Mais, conforme se avanza na lectura aparecen, aínda que de xeito tanxencial, algunhas claves para comprender a importancia outorgada na obra á educación. Por exemplo, o feito de que, como consecuencia da aprobación do Estatuto de Autonomía, a necesidade urxente de publicar libros en galego *para a escola* fixese emerxer con forza na LIX galega o modelo de *escritora-mestra* (76 e *passim*), figura militante que, sobre todo nos anos 80, chegou a aglutinar diferentes tarefas, como a tradución ou a crítica (82). Esta dependencia con respecto ao campo educativo, que caracterizou a fase de conformación do campo literario —e que sería revelador estudar até que punto continúa a facelo hoxe—, semella determinante para entender o peso do didactismo, tamén na abordaxe do xénero, no repertorio da literatura infantil en Galiza.

De especial interese neste estudo é a atención prestada á crítica, tanto na epígrafe dedicada explicitamente á análise das súas tendencias na primeira parte (49-58) como nas referencias á recepción dalgunhas obras ao longo da segunda. Neste sentido, resulta digna de mención a posta en valor das achegas pioneiras de Carmen Blanco no eido da xinocrítica, que contribuíron a visibilizar nomes de escritoras até entón esquecidas ou silenciadas. Polo demais, a autora esboza un panorama bastante estático da crítica, entre a visión excesivamente prescritiva das recensións publicadas en revistas non académicas e a ausencia dun verdadeiro método de análise feminista na investigación académica. A respecto disto último, Pena Presas apunta a hipótese do *paraugas totalizador* de Radhakrishnan, vía Helena González (2005): a preeminencia do discurso nacional sobre o feminista nos estudos sobre literatura (tamén infantil) galega (58). Aínda que o argumento parece perfectamente plausíbel, sen dúbida o carácter emerxente do campo de estudos sobre a LIX galega tamén pode contribuír a explicar este precario desenvolvemento.

Outra das principais contribucións desta monografía é a proposta de periodización da literatura infantil galega en función do ‘impacto dos feminismos’ nos textos literarios (63-64). A análise das obras seleccionadas para ilustrar cada unha das etapas revela, ademais, un fondo coñecemento do corpus, e serve para paliar lagoas críticas. A este respecto son especialmente salientábeis as lecturas da obra de Xohana Torres (76-78) e de María Victoria Moreno (85-90), por sinalar dúas das autoras máis renovadoras e peor tratadas pola crítica (até, no caso da segunda, a explosión de estudos que sempre provoca a celebración dun Día das Letras Galegas). Sen entrarmos xa na pertinencia dos fitos escollidos para marcar os límites entre unha e outra fase —que sempre son discutíbeis en todo proxecto historiográfico—, a división en catro chanzos axuda a visualizar o camiño que emprende a LIX galega (ou, mellor, a narrativa, pois é este o xénero que se aborda maioritariamente nestas páxinas) desde as súas orixes cara á diversificación na representación das personaxes femininas e masculinas, dos seus conflitos, desexos e emocións.

Se os libros teñen a capacidade de ser, como quería Rudine Sims Bishop (1990), espellos en que nos recoñecemos, xanelas a través das cales descubrimos as/os outros/as e portas corredizas que nos permiten empaticar con elas/es, se posúen esa potencialidade emancipatoria, daquela a ampliación dos modelos de mundo construídos na literatura infantil só se podería saudar como unha noticia esperanzadora. Non obstante, cando nos referimos a un campo en que o didactismo continúa a ter unha presenza tan notábel, nun contexto global tan dominado polo politicamente correcto e mesmo pola censura, cabe preguntarse se iso que se identifica como o ‘impacto dos feminismos’ na LIX non corre o risco de se converter nunha nova ortodoxia no repertorio infantoxuvenil, nun discurso máis ideolóxico —e, sobre todo, monolóxico— que estético, lonxe da ambigüidade, a transgresión e a exploración imaxinativa de que se alimenta a arte, como reflexionaba hai uns meses Ana Garralón (2019). E lonxe tamén da audacia e a creatividade que require o pensamento filosófico e, dentro deste, os propios feminismos.

Neste sentido, a autora demostra perfecta consciencia das derivas menos artísticas dalgunhas obras comentadas ao cualificalas como ‘militantes’, ‘didácticas’, ‘de valores’ ou mesmo ‘boístas’. Mais, en ocasións a impresión que se tira, especialmente ao ler os capítulos referidos á produción máis actual (111-146), en que se constata a aparición de personaxes LGBT, a

pegada da interseccionalidade ou a aposta pola representación das novas masculinidades, é a de *avance*. E aquí outra dúbida lexítima é se a discursos deste tipo non subxace unha vontade *normalizadora* de ir cubrindo caixas nun suposto formulario que concedese carta de natureza á LIX galega á par doutras literaturas: 'xa temos unha novela cun personaxe transexual' ou 'xa contamos con manifestacións literarias do feminismo da diversidade funcional'. Mentres esteamos a falar de exemplos illados, ademais, non é doado determinar se nos achamos ante casos de *tokenismo* ou ante unha transformación cultural máis profunda. O tempo dirá.

Mais, á marxe de que contemplemos a evolución deste corpus con maior ou menor optimismo, do que non cabe dúbida é de que *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia* é un traballo sólido e complexo que constitúe xa un referente no campo de estudos sobre a LIX galega. Porque nos obriga a desnaturalizar lecturas que xa tiñamos interiorizadas e nos convida a emprender outras novas cunha ollada crítica necesaria. E porque fai prender en nós a faísca da curiosidade para seguirmos investigando: que pode achegar a teoría feminista á comprensión do cancionero infantil tradicional?, hai subversión de xénero na literatura oral creada polas nenas e nenos?, que interpretación realiza o público infantil sobre as obras escritas desde unha perspectiva non heterosexista?, todos os libros feministas aseguran unha lectura feminista?, como se pode conducir unha conversa crítica sobre literatura con nenas e nenos?, como se pode conseguir que, a pesar de todo, a lectura continúe a ser unha experiencia pracenteira?

Obras citadas

BISHOP, Rudine Sims, 1990. 'Mirrors, Windows, and Sliding Glass Doors', *Perspectives: Choosing and Using Books for the Classroom* 6(3): ix-xi. <https://scenicregional.org/wp-content/uploads/2017/08/Mirrors-Windows-and-Sliding-Glass-Doors.pdf>

GARRALÓN, Ana, 2019. 'Contra lo políticamente correcto en la literatura infantil', *Anatarambana*, abril 2019. <http://anatarambana.blogspot.com/2019/04/contra-lo-politicamente-correcto-en-la.html>

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena, 2005. *Elas e o paraugas totalizador* (Vigo: Xerais).